

*Review*

**KEITH PAYNE,  
Lorna Shaughnessy  
& Martín Veiga (eds.)**

Dublín: Dedalus Press, 2021.  
190 pp.  
ISBN 978-1-910251-92-8

*A Different Eden:  
Ecopoetry from  
Ireland and Galicia  
/ Un Edén diferente:  
Ecopoesía de Irlanda  
e Galicia*

**María Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González**  
Universidade de Santiago de Compostela

O interese que suscitan tanto as cuestións relacionadas co medio ambiente como a ecopoesía en canto xénero emerxente fan oportuna a aparición da antoloxía *A Different Eden: Ecopoetry from Ireland and Galicia / Un Edén diferente: Ecopoesía de Galicia e Irlanda*. A obra resulta singular tanto pola súa concepción —unha escolma temática trilingüe— como polo paratexto, do que cómpre salientar a moi significativa ilustración da capa: un detalle da peza *Eve*, de Rachel Parry, que reproduce un corpo de muller con pel de serpe na cima dunha (bíblica) maceira facendo malabarismos coa súa froita. Semellante escolla non só anticipa un particular xeito de relación entre diferentes especies do mundo natural humano e non humano senón tamén a cuestión do xénero, moi presente no libro.

Conforme adianta o seu título, a obra está vertebrada por un fío temático que remite a unha manifestación emerxente como é a ecopoesía,

KEITH PAYNE, Lorna  
Shaughnessy & Martín  
Veiga (eds.)

*A Different Eden: Ecopoetry  
from Ireland and Galicia /  
Un Edén diferente: Ecopoesía  
de Irlanda e Galicia*

M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

unha fórmula que se insire, tanto na literatura galega como na irlandesa, nunha longa tradición de escritura sobre a natureza, o mar e o mundo rural. Máis alá de debates terminolóxicos, os responsábeis da antoloxía optan por relacionar o seu contido coa 'crecente conciencia sobre a fragilidade do mundo que habitamos' (10).

O interese temático e a procedencia dos textos escolmados gardan unha estreita relación co marco de investigación no que se insiren, o proxecto *O tropo animal: unha análise ecofeminista da cultura contemporánea de Galicia e Irlanda*, do que forma parte Martín Veiga, un dos responsábeis da edición. Neste senso, a antoloxía dá continuidade a unha serie de traballos sobre as literaturas galega e anglo-irlandesa da que destacan as escolmas *To the Winds Our Sails* (Salmon Poetry 2010) e *Six Galician Poets* (Arc Publications 2016).

*A Different Eden* vén avalada polo creto das persoas responsábeis da edición e da tradución. Da primeira das tarefas encargáronse Martín Veiga, poeta, tradutor e director do Irish Centre for Galician Studies do University College Cork, e Lorna Shaughnessy, tamén poeta, tradutora de Manuel Rivas e membro (xunto con Martín Veiga e Keith Payne) do equipo Crosswinds: Irish and Galician Poetry and Translation, e o propio Payne. No referido á tradución, as versións en inglés de textos galegos son da autoría de Keith Payne, poeta e tradutor cunha longa traxectoria na poesía galega da que a mencionada *Six Galician Poets* é só un exemplo. As versións galegas de textos ingleses e irlandeses son do escritor e tradutor Isaac Xubín. Desta nómina destaca a dobre condición de autores-tradutores dos responsábeis dunha escolma que os leva a asumir 'fascinantes retos culturais' (10).

A obra antologa un total de 38 poetas, todos eles activos no momento da súa publicación. A escolla mostra un equilibrio na representación de voces galegas —15— e irlandesas —22—, tanto en inglés como en gaélico. Chama tamén a atención o feito de que tan só 5 destas últimas teñan como lingua o irlandés e que aparezan acompañados dunha versión ao inglés, o que evidencia non só a situación sociolingüística do idioma, senón tamén o esforzo de visibilización de linguas minorizadas por parte dos responsábeis da edición. Sobre esta cuestión reflexionan nas páxinas introdutorias cando aluden á, a miúdo esquecida 'contribución da tradución ao ecoloxismo':

Os tradutores sempre estiveron comprometidos co tema da extinción: a desaparición en curso de idiomas é un subproduto da degradación ambiental que nos legaron séculos de prácticas económicas, coloniais, neocoloniais e neoliberais. Este fenómeno é moi familiar para os poetas que escriben en linguas 'minorizadas', como o galego ou o irlandés, cuxa práctica creativa preserva a biodiversidade lingüística das literaturas, tanto as nacionais como as internacionais. (10)

Un aspecto singular de *A Different Eden* radica na disposición do texto da antoloxía. As decisións tomadas polos seus responsábeis van máis alá de razóns estéticas e supoñen unha verdadeira proposta de lectura da obra. Os poemas das dúas literaturas dispóñense de maneira continua ocupando os textos en galego as páxinas pares e os textos en inglés e en irlandés as impares. No caso destes últimos, a tradución ao inglés aparece en páxina á parte, en parágrafo corrido e nun corpo de letra menor, en coherencia co compromiso asumido polos editores. Deste xeito propónse unha lectura continua dun corpus que intercala textos procedentes de diferentes

KEITH PAYNE, Lorna  
Shaughnessy & Martín  
Veiga (eds.)  
*A Different Eden: Ecopoetry  
from Ireland and Galicia /  
Un Edén diferente: Ecopoesía  
de Irlanda e Galicia*  
M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

literaturas e no que se indica, mediante a presenza dun símbolo ao final, a lingua orixinal do texto. A escolla dunha organización temática en cinco seccións que a seguir se comentarán en lugar dun criterio lingüístico suscita ademais un diálogo entre textos de diferentes tradicións.

Outra decisión ten que ver coa dosificación da información no corpo da antoloxía, que se limita á autoría e á mencionada marca gráfica indicativa da lingua orixinal. A disposición das escasas notas —tan só 4— e das referencias bibliográficas no final do libro permite unha lectura limpa na que o texto acadada protagonismo fronte á información erudita. Este ordenamento dos materiais pode causar no entanto, un certo incomodo á hora de contextualizar os poemas ou de facer consultas e implica unha lectura menos académica en favor doutra máis orgánica, autónoma e, polo tanto, persoal.

Partindo destes criterios, os responsábeis de *A Different Eden* estruturan a antoloxía en 5 seccións temáticas. A primeira delas, 'Aprendendo a ladrar / Learning to Bark', que colle o título dun verso de Olga Novo, explora as relacións entre linguaxe e natureza coa convicción de que

A ecopoesía ten a capacidade de expoñer as limitacións da linguaxe herdada na contorna porque o enfoque das palabras dun poeta é sempre o da procura, a exploración e a interrogación; é na innovación poética coa forma e na linguaxe onde podemos encontrar xeitos alternativos de percepción, apreciación e comunicación co resto do mundo natural. (12)

É esta unha interesante sección na que voces galegas e irlandesas dialogan sobre a relación entre as palabras e o seu medio: 'o nome das cousas' no poema de Luz Pichel; a 'lingua escordada' da primeira foca que falou, na composición de Seán Lysaght; a 'fraga do idioma' de Chus Pato; o 'glosario do carballo' de Seán Hewitt; a perda das palabras que designaban as cousas no texto de Paddy Bushe; a 'lingua alzada' que 'aniña onde doe', de Manuel Rivas; ou a 'sebe' como código que 'non se pode comprender', no texto de Simon Ó Faoláin. Trátase en todos os casos de poemas que se sitúan nunha liña de cuestionamento da capacidade de nomear da linguaxe e das adherencias desta. A incorporación da composición '29 de xaneiro do 2002', de Olga Novo, á que pertencen os versos 'querida mamá: estou aprendendo a ladrar' e a disposición do texto de Luz Pichel no comezo da antoloxía remarcán a relevancia destas dúas voces na ecopoesía galega e, en particular, na reflexión sobre a linguaxe (literaria).

A sección 'Que foi o que fixestes co mundo / What Have you Done with the World', que debe o seu título aos versos do poema 'The Question', de Theo Dorgan, achega, conforme expoñen os editores, 'os [textos] máis crus da antoloxía e tratan sobre o dano infrinxido ao mundo físico e a outras formas de vida pola industria e os afáns humanos' (12). Neste senso estamos diante dunha das seccións entendidas como máis comprometidas e intervencionistas do libro, pois

Moitos destes poemas comunican a conciencia de que ao danar o noso ambiente estamos a danarnos a nós mesmos, que a extinción dunha especie empobrece ecosistemas enteiros e que estamos a colocarnos nunha posición de perigo ao pensarnos fóra deles. Hai un sentido de urxencia aquí, da necesidade de actuar e a necesidade de pasar 'do ego ao eco', recoñecendo a conexión mutua de todas as formas do planeta. (14)

KEITH PAYNE, Lorna  
Shaughnessy & Martín  
Veiga (eds.)  
*A Different Eden: Ecopoetry  
from Ireland and Galicia /  
Un Edén diferente: Ecopoesía  
de Irlanda e Galicia*  
M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

Esta parte, que mostra como ‘a ira dos humanos desabou sobre nós / trouse nesta riveira a súa cobiza’ (Pilar Pallarés), entronca nunha liña desenvolvida na literatura galega e tamén na irlandesa que denuncia a paisaxe agredida pola acción do ser humano e que, no caso galego, tivo como punto de inflexión a poesía xurdida a raíz do afundimento do Prestige. Neste senso poden lerse composicións como ‘Entre os elementos nun tempo de guerra’, de Eamon Grennan; ‘Enumeración nunha praia do norte’, de Xavier Queipo; ‘Benquerido Holdridge’, de Grace Wells; ou ‘Lamento por unha especie extinta’, de Jane Robinson. En textos como ‘A morte do eido’, de Paula Meehan, resulta doado atopar afinidades con algunha da poesía escrita en Galicia nas últimas décadas:

A memoria do eido pérdese coa perda das súas herbas

Malia que as torcazas no salgueiro  
os pimpíns no que queda de estripeiro  
e a lavandeira no sabugueiro  
canten a súa famenta canción de estío. (58)

Outras composicións desta sección (re)escriben motivos cargados dunha forte simboloxía, como ‘a primeira balea’, de Estevo Creus; o ‘canto do cuco’, de Emilio Araújo; a roda do tractor de Ceatí Ní Bheildiúin; os ósos fráxiles dun paxaro dentro dun cascarón, de Moya Cannon; ou as ‘osamentas que a luz deita no terrazo’, de Ana Román.

O afastamento do pensamento antropocéntrico é o trazo común das composicións presentadas en ‘Cando non eramos o centro do universo / When We Were Not the Centre of the Universe’, cuxo título está tomado duns versos do poema ‘Retorno’, de Moyra Donaldson, que sintetizan en boa medida o espírito da sección: ‘a memoria quizais, de cando non eramos o centro / do universo, o locus da súa conciencia, / nin amo, nin dono: aínda podíamos pousar a machada’ (110). Algúns destes textos remítenos aos debates xurdidos nos últimos anos a respecto do estatuto dos animais non-humanos ao iren

máis alá dos convencionais tropos animais para permitir que todo o mundo animal ocupe o centro do escenario, poemas que nos instan a sintonizarnos, observar, escoitar máis de preto e aprender de toda a vida que nos rodea. (14)

Os responsábeis da edición toman partido no debate ao remarcaren ‘a necesidade de humildade entre os membros da nosa especie’ e advertiren como ‘estes poemas, ao mesmo tempo que subliñan a “outredade” e o misterio da vida animal, tamén inspiran un xeito máis respectuoso e sostible de relacionarnos entre todos’. (14)

O conxunto de textos escolmados plasman a explotación do mundo animal e a violencia exercida contra el en textos como ‘Barbas de balea’, de Doireann Ní Ghríofa; ‘dentro da fraga dormen os bichos’, de Luz Pichel; ou ‘Deitado’, de Eamon Grennan. Outras veces exploran matices insólitos da súa simboloxía, como acontece en ‘A rata’, de Mary O’Malley; ‘Corvos, corvos’, de Daniel Salgado; ‘Lobo’, de Olga Novo; ou ‘A vaca de Deus’, de Ailbhe Ní Ghearbhúigh. Da escritura agardada afástase tamén a ladaíña ‘Munguir’, de Emilio Araújo; o poema ‘Soña un fémur co seu can’, de Pilar Pallarés; ou ‘Ostras’, onde Moya Cannon se pregunta ‘que sabemos, por

KEITH PAYNE, Lorna  
Shaughnessy & Martín  
Veiga (eds.)  
*A Different Eden: Ecopoetry  
from Ireland and Galicia /  
Un Edén diferente: Ecopoesía  
de Irlanda e Galicia*  
M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira  
Manuela Palacios González

exemplo, / das cavilacións da ostra / que xace no leito do esteiro'. A superación da mirada antropocéntrica percíbese de maneira nítida na evocación da 'miña outra vida como teixugo, lontra, raposo', feita por Eva Bourke.

Numerosas semellanzas entre as realidades galega e irlandesa en canto sociedades tradicionalmente agrícolas e algunhas diferenzas na relación coa terra e as 'distintas formas de vida coas que poboamos a nosa contorna' (10) afloran nas composicións que conforman a cuarta sección, 'Non hai terra mítica / No Mythical Land', que 'recompila poemas que tratan sobre as realidades de vivir e traballar na terra e coa terra' (14). Os responsábeis da edición poñen o foco naquelas 'vozes de poetas que teñen traballado para contradicir os conceptos de administración e dominio humano que tanto dano irreversible causaron ao mundo material' (14). Abondo significativo a este respecto resulta o texto de Dores Tembrás que abre e dá título á sección: 'aquí // non hai terra mítica // a extinción daquel tempo // non devirá en lenda' (126), pertencente a *Auga a través*, un poemario que ten como tema a construción do encoro de Lindoso.

A sección fai visíbel a tendencia a representacións desidealizadoras da aldea que se vén rastrexando, na literatura galega, en voces como a de Lupe Gómez, Luz Pichel ou Emilio Araújo. Por outra banda, as mudanzas no mundo rural derivadas do proceso de mecanización, así como de intervención de políticas estatais, quedan reflectidas nos textos de Olga Novo, Áine Uí Fhoghlú, Mary O'Malley e Miceál Kearney, quen relaciona unha faia derrubada coa 'Política Agrícola Común, / ALDI e a artrite [que] fixeron redundante / o balde gris co que traía as patacas / á nai' (140).

A escolma péchase coa sección que dá título ao libro tomando emprestado o do poema 'A Different Eden', de Paula Meehan, que, a pesar do diálogo que con el establece o paratexto, non aparece compilado. Estas páxinas finais reúnen 'poemas que nos amosan formas alternativas de estar no mundo'. Os versos de de Emilio Araújo, Miriam Ferradáns, César Souto Vilanova e Manuel Rivas, pola parte galega, e de Cathal Ó Searcaigh, Mark Roper, Michael Longley, Eva Bourke, Seán Lysaght e Grace Wells, pola irlandesa, comparten unha identificación do eu, cando non unha contigüidade, co espazo natural que habitan e constitúen esperanzadores exemplos desoutro 'Edén que agardamos de xeito activo e afouto' (16).

Desde o seu compromiso coa diversidade, *A Different Eden* ofrece múltiples lecturas que, ao tempo que fan visíbeis semellanzas entre dous espazos culturais historicamente relacionados, iluminan con sutileza diferenzas na representación dun discurso emerxente como é a ecopoesía.